

**SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA O RECOÑECEMENTO DE BOAS
PRÁCTICAS DE CALIDADE NO CENTROS DA USC**

Centro proponente:
Facultade de Psicoloxía
Denominación da práctica:
"Ciclo de charlas: A práctica profesional da Psicoloxía"
Datas desenvolvemento da práctica:
Ao longo de todo o curso académico.
Breve descrición da práctica:
<p>Trátase dunha actividade innovadora, inicialmente dirixida ao alumnado dos últimos cursos do Grao en Psicoloxía.</p> <p>A actividade consiste nunha serie de sesións de presentación e debate sobre os distintos eidos de aplicación da psicoloxía, levadas a cabo por psicólogos/as en exercicio que traballan en distintas áreas: intervención psicolóxica en contextos educativos, psicoloxía xurídica e forense, intervención social e comunitaria, psicoloxía das organizacións e da selección de persoal, intervención con persoas maiores, psicoloxía clínica e sanitaria, entre outros. Os contidos específicos actualízanse en cada edición (<i>anéxase, como exemplo, ó programa impartido no curso académico 2018/2019</i>).</p> <p>A actividade desenvólvese ao longo de todo o curso académico, con un total de 9 sesións de 3 horas de duración cada unha, en horario de tarde, para facilitar a asistencia de un maior número de alumnos/as. Dado que o alumnado debe elaborar ó remate un informe sobre as sesións, asígnanse un total de 50 horas de traballo á actividade, entre presenciais e non presenciais. De cumprimentar con éxito os requisitos, os estudantes do Grao en Psicoloxía participantes obteñen o recoñecemento de 2 créditos por competencias transversais.</p> <p>Esta actividade programouse, como complemento da formación das ensinanzas do Título de Grao en Psicoloxía, atendendo a dous propósitos:</p> <p>a) Respostar á demanda dos propios estudantes, que, antes de incorporarse ás prácticas</p>

externas obrigatorias, pedían coñecer de maneira directa cal é a labor dos profesionais da Psicoloxía nas distintas áreas de intervención da disciplina, e

- b) Satisfacer á necesidade real de que na formación dos psicólogos exista, dende o primeiro momento, unha relación efectiva entre os contidos académicos que se imparten na Facultade e as necesidades que demanda a práctica profesional. Cumpre destacar, ademais, que moitos dos profesionais que participan nesta actividade son tamén colaboradores/as docentes do Prácticum da Facultade de Psicoloxía. Polo que esta iniciativa claramente reforza unha das materias centrais dos estudos de Grao.

Por tanto, e mais especificamente, a actividade programouse para acadar os seguintes obxectivos:

- Darlle a coñecer, de primeira man, ao alumnado as características específicas das distintas saídas profesionais da Psicoloxía
- Promover a necesaria conexión entre os contidos académicos e a práctica profesional da Psicoloxía.
- Afianzar a colaboración entre a Facultade de psicología (e por tanto a USC) e as entidades públicas e privadas onde os psicólogos/as están a desenvolver a súa actividade profesional, e, especialmente, con aquelas que participan como centros colaboradores na formación do alumnado na materia do Prácticum.

De maneira que pode claramente ser descrita como unha práctica que contribúe á mellora continua da actividade docente do título.

Esta iniciativa foi executada nos Cursos académicos 2016-17, 2017-18, e 2018-19; e neste momento estase a programar para o vindeiro curso 2019-20.

A proposta do Ciclo de charlas “a práctica profesional da psicología, inclúese como acción de mellora no informe de seguimento do Grao en Psicoloxía (Curso 2015-16), encadrada no Proceso estratéxico: Apoio a estudantes, e recibiu actualizacións nos informes de seguimento do Grao en Psicoloxía dos cursos 2016-17 e 2017-18, como parte do Plan de Acción Titorial do centro.

Trátase dunha iniciativa eficiente respecto aos recursos empregados xa que se utilizan as instalacións da Facultade de Psicoloxía, e os convenios existentes para a materia Prácticum.

Tamén se pode considerar sostible, en tanto que os recursos se manterán no tempo, e que o custe total da mesma (que inclúe os gastos de desprazamento e o pago das 24 horas de conferencias/debate) sitúase en torno aos 2.000 euros por curso académico (1.900 no curso 2017-18, 2.100 no 2018-19). Este custo é sufragado con cargo a unha partida específica que con tal fin se contempla no reparto interno do orzamento do centro, destinado a actividades complementarias do título do grao.

Breve avaliación da eficacia da práctica

Ó éxito da práctica queda reflexado nos seguintes indicadores:

1. A súa continuidade ao longo de 3 cursos académicos, cunha participación cada ano mais numerosa. No curso 2017-18 a asistencia foi de 62 estudantes, mentres que no actual curso asistiron 91 estudantes.
2. O feito de que, dado ó éxito da iniciativa entre os estudantes de Grao, os estudantes de títulos de máster impartidos no centro (Máster en Psicoloxía Xeral sanitaria, Máster en Psicoxerontoloxía, Máster en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe) mostraron interese por participar naquelas charlas que tratan aspectos da intervención psicolóxica vinculados os seus ámbitos específicos.
3. As respostas dos estudantes asistentes á enquisa de avaliación da actividade que se lles aplica ó remate da mesma. Entre outros ítems esta avaliación inclúe unha pregunta acerca de si a asistencia as prácticas efectivamente lles permite "*Coñecer mellor os distintos ámbitos de aplicación da psicoloxía*", que era un dos obxectivos prioritarios da actividade. a media do acordo con este ítem sitúase por riba do 4,4 (sobre 5) nos dous cursos dos que se dispón de datos analizados. E con respecto ó ítem de *satisfacción global* coa actividade, as puntuacións medias son de 4,3 no curso 2017-18, e de 4,2 no 2018-19.

Pódese considerar, por tanto, que a actividade conta con suficientes evidencias do seu adecuado desenvolvemento e da súa eficacia

Por último, tanto os obxectivos que se perseguen, como as súas características de formato, desenvolvemento e avaliación, son perfectamente xeneralizables a todos aqueles títulos da USC que pretendan, como é o caso da Facultade de Psicoloxía, reforzar a conexión entre á práctica profesional e o ámbito académico.

Anexo: Presentación da actividade, e contido da mesma, no curso académico 2018-2019

Ciclo de charlas "A práctica profesional da Psicoloxía" Curso 2018-2019¹ Programación das sesións presenciais² Datas: Do 8 de outubro de 2018 ao 11 de marzo de 2019 Horario e lugar de celebración: de 17 a 20h, Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía	
Sesión 1: 8 outubro	Intervención psicolóxica na infancia Imparte: Dagmar Gabriela Nedelcu. CERTIGO crecer contigo (Parrifón)
Sesión 2: 22 outubro	A reeducación e reinserción social nas cárceres españolas Imparte: Natalia Ferreiro Pena. C.P. Pereiro de Aguiar (Ourense)
Sesión 3: 5 novembro	Equipo Comarcal de Inclusión Sociolaboral de Vilagarcía: O traballo con colectivos en risco de exclusión social dende un equipo de S.S.S.S. Comunitarios Específicos Imparte: Marina Barral Tomé. Servizos Sociais específicos (inclusión); equipo comarcal de inclusión sociolaboral (Vilagarcía de Arousa)
Sesión 4: 19 novembro	Unha visión psicosocial da rehabilitación en persoas con problemas de saúde mental grave Imparten: Isabel Varela Castiñeiras e M ^{ra} Junquera Vázquez Casal. Asociación Pro Enfermos Mentales APEM. (Cee e Carballo)
Sesión 5: 3 decembro	A formación para a mellora das relacións humanas dende a psicoloxía educativa Imparten: Bibiana Camaño Rodale e Susana Otero Iglesias. ALICCE (Santiago de Compostela e Bueu)
Sesión 6: 4 febreiro	Funcionamento dunha Unidade Asistencial de Drogodependencias e abordaxe das adiccións dende a Psicoterapia Integrativa Imparte: Mercedes Pedreira Quiroga. Unidade Asistencial de Drogodependencias (Lugo)
Sesión 7: 18 febreiro	Autismo Galicia, a intervención e apoio coas persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, as súas familias e outros axentes Imparte: Cristina Couto Pena. Federación Autismo Galicia (Santiago de Compostela)
Sesión 8: 25 febreiro	Investigación en Neuropsicoloxía Clínica no ámbito Hospitalario Imparte: Isabel Jiménez Martín. Servizo de Neuroloxía do CHUS: Consulta de Neuropsicoloxía (Santiago de Compostela)
Sesión 9: 11 marzo	O traballo do psicólogo/a nun centro de día e axuda a domicilio con persoas maiores Imparte: María Lueiro Mendoza. Centro de día ATENDO (Santiago de Compostela)

¹ Actividade recoñecida con 2 créditos transversais para o alumnado do Grao en Psicoloxía

² A asistencia será rexistrada, debe ser superior ao 90% das sesións presenciais (soamente se admite faltar a unha sesión). Deberá completarse coa entrega dun portafolios cos informes referentes a cada sesión (23 h de traballo autónomo).